- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 7 | Just the Job | 13 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes. | Extraer as ideas principais dos textos propostos. | | |
| CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos e certos matices como a ironía ou o uso estético da lingua de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción, sobre unha ampla variedade de temas de relevancia persoal ou de interese público. | Interpretar criticamente o contido dos textos propostos. | | |
| CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz. | Aplicar estratexias de reading e listening. | PE | 52 |
| CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio. | Expresar graficamente ideas xerais de xeito comprensible. | | |
| CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais. | Aplicar estratexias de writing e speaking. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| <p>CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, compartindo e facendo explícitos estes progresos e dificultades.</p> | <p>Completar tarefas de planificación, reflexión e autoevaluación da aprendizaxe.</p> | | |
| <p>CA1.4 - Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros, coherentes, detallados, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, control, compensación e cooperación..</p> | <p>Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensible.</p> | | |
| <p>CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.</p> | <p>Participar en situacións interactivas con aportacións propias.</p> | | |
| <p>CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidade, axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores percibindo as súas reaccións, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.</p> | <p>Aplicar estratexias comunicativas.</p> | TI | 48 |
| <p>CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.</p> | <p>Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos.</p> | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo e dos intereses e ideas das interlocutoras e dos interlocutores. | Aplicar estratexias de mediación lingüística. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando de forma sistemática sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas. | Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa. | | |
| CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e interlocutores e de soportes analóxicos e dixitais. | Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira. | | |
| CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación. | Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas. | | |
| CA3.2 - Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela favorecendo e xustificando o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos. | Valorar a importancia da diversidade cultural. | | |
| CA3.3 - Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade. | Aplicar estratexias para a defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instrucións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar a opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto |

Contidos

- (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.
- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a estes patróns. Alfabeto fonético básico.
- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.
- Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteralidade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. É evidente que a metodoloxía empregada deberá estar enfocada a conseguir que a aprendizaxe da lingua estranxeira teña unha finalidade práctica, é dicir, que os alumnos e alumnas poidan aplicar os seus coñecementos no mundo real, fóra das aulas.

A metodoloxía didáctica no ensino da lingua estranxeira e, neste caso, da lingua inglesa, debe ser esencialmente comunicativa, de xeito que cada un dos elementos do currículo se centren arredor dos procesos de comunicación -a comprensión e produción de textos orais e escritos- adecuados ás características e necesidades do alumnado, á súa idade e intereses, etc.

Tendo en conta todos estes aspectos, o currículo céntrase nas actividades de lingua tal e como aparecen no MCER: comprensión e produción de textos orais e escritos.

Cómpre unha metodoloxía centrada no estudante, nas súas necesidades de aprendizaxe e na responsabilidade que este debe asumir no proceso; a metodoloxía máis doada debe de ser, polo tanto, o conxunto de prácticas de aprendizaxe, ensinanza e avaliación que mellor contribúa a que o alumnado adquira as distintas competencias implicadas na comunicación e sexa quen de poñelas en práctica de xeito conxunto para producir e procesar textos orais e escritos axeitados aos contextos de actuación correspondentes.

Os recursos dixitais constitúen unha ferramenta esencial para que o alumnado vaia gañando autonomía na súa aprendizaxe, polo que tamén forman parte da metodoloxía empregada no departamento para optimizar o aproveitamento na aprendizaxe.

Para concretar, as directrices metodolóxicas do noso departamento centraranse nos seguintes aspectos:

- Desenvolvemento da competencia lingüística, profundizando nos contidos de vocabulario, gramática e fonética, mediante distintas actividades e tarefas específicas que lles axuden a recoñecelos e empregalos dun xeito efectivo, coa fin última de acadar unha mellor comunicación oral e escrita.

- Mellora da súa competencia comunicativa, desenvolvendo a súa capacidade discursiva e traballando de xeito integrado as catro destrezas fundamentais (Integrated Skills): Listening, Speaking, Reading and Writing:

- Listening and Speaking: Estas destrezas traballaranse mediante a escoita e comprensión de textos orais (audios, videos, DVDS, películas, Internet, Youtube, etc.), a entoación e pronunciación correctas; a comunicación dos alumnos e alumnas entre eles e coa súa profesora serán prácticas habituais para o desenvolvemento da lingua oral, por medio de distintas actividades e tarefas de enfoque comunicativo (xogos de rol, traballo por parellas, presentación de proxectos, debates, visionado de películas ou documentais en lingua inglesa, cancións, etc.), axeitados aos distintos niveis educativos.

- Reading and writing: A través de diferentes tipos de textos e discursos para familiarizalos coa lingua inglesa escrita de xeito que, por unha banda, sexan capaces de comprender textos diversos (instrucións, narracións, descricións, argumentacións, diálogos, cartas, etc.), en distintos formatos (papel ou dixital), continuos (artigos, contos, historias, etc) ou discontinuos (esquemas, diagramas, táboas, etc.) e pola outra, sexan capaces de producir eles mesmos distintos tipos de textos, con temáticas relacionadas cos seus intereses persoais ou académicos e segundo o seu nivel individual e educativo (dende textos narrativos sinxelos ata textos máis complexos coma argumentacións), e utilizando distintos tipos de formatos.

- Desenvolvemento do seu coñecemento de elementos culturais dos países de lingua inglesa, axudándolles a tomar conciencia do papel importante que a lingua desempeña para comprender outras culturas e viceversa, que para comprender outras culturas é imprescindible coñecer a súa lingua; coa fin de acadar este obxectivo realizarán actividades que lles axuden a medrar na súa formación como individuos e a valorar outras culturas e tradicións para lograr unha mellor integración na sociedade en que vivimos.

- Desenvolvemento e afianzamentodo hábito da lectura, seguindo as directrices do plan lector, propoñéndolles o achegamento a distintos textos da literatura anglosaxona, por medio de lecturas graduadas e adaptadas dos clásicos,

asi como a comprensión de lecturas breves de diversos xéneros (narrativos, argumentativos, teatrais, xornalísticos, etc.) e de distintas temáticas, ben en formato papel, páxinas web, blogs, etc.

- Fomento do uso das novas tecnoloxías, mediante o acceso dos alumnos/as ás páxinas web e recursos dixitais proporcionadas polas editoriais como complemento dos libros de texto e de lectura, así como á Aula Virtual do centro e outras páxinas de contido didáctico para o fomento da aprendizaxe das linguas.

- Fomento da autonomía dos alumnos e alumnas na súa aprendizaxe, así como o seu espírito emprendedor, mediante actividades que fomenten tanto o seu traballo autónomo como o seu traballo en grupo, de xeito que sexan capaces de propor as súas ideas ao grupo, de valorar as ideas dos demais e de saber organizar as tarefas entre os distintos membros do grupo. Así mesmo, cómpre desenvolver a súa capacidade de autoavaliación como ferramenta imprescindible para mellorar a súa aprendizaxe, proporcionándolles estratexias que lles axuden a acadar unha mellor comunicación.

- Fomento de actitudes de respecto entre os alumnos e alumnas e co docente, así coma unha actitude aberta e tolerante fronte persoas doutras culturas e, moi concretamente, cara aos falantes de lingua inglesa.

- Fomento do interese por outras áreas do coñecemento e da cultura contemporánea, así coma por temas de actualidade.

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro de texto: Mindset 2. Editorial Burlington. |
| Libros dixitais interactivos. |
| Libros de material complementario e recursos (Resource Packs, Teacher's all-in-one-packs, ...) para o profesorado e o alumnado. |
| Libros de didáctica e de material complementario para profesorado: gramática, vocabulario, didáctica, destrezas, cultura, etc. |

| |
|---|
| Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua. |
| Actividades fotocopiabes para a práctica das distintas destrezas: xogos de vocabulario e de gramática, actividades de traballo por parellas, actividades de lectura comprensiva, de escoita, de produción oral, etc |
| Dicionarios bilingües e monolingües, fonéticos e de cultura anglosaxona. |
| Enciclopedia Británica (na biblioteca do centro). |
| Libros de lectura graduada orixinais e clásicos adaptados. |
| Pósters, mapas, carteis, etc. con contidos tanto culturais como lingüísticos (vocabulario, táboas fonéticas, mapas de países anglosaxóns, etc.). |
| Recursos TIC: ordenadores, proxectores, pizarras dixitais, ... |
| Plataformas virtuais de aprendizaxe (Aula Virtual). |
| Material audiovisual. Reproductores de audio e video. |
| Páxina web do centro e páxinas web das editoriais, que ofrecen, entre os seus recursos didácticos, enlaces e actividades na rede, dacordo cos contidos dos respectivos libros de texto e de lectura. |
| Páxinas web de distinta procedencia, tanto con contidos didácticos específicos para a aprendizaxe da lingua inglesa como de carácter máis xeral (prensa dixital, documentais, You Tube, etc.). |
| Recursos DUA. |
| Espazo ABALAR. |

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do ano escolar levarase a cabo unha avaliación inicial dos alumnos e alumnas, co fin de adecuar a programación didáctica ás súas características e coñecementos, así como de proporcionar as necesarias medidas de reforzo e recuperación para aqueles estudantes que o necesiten.

A avaliación inicial desenvolverase a través das probas de nivel que o profesorado da materia considere oportunas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 15 | 15 | 15 | 15 | 15 | 15 | 100 |
| Proba escrita | 52 | 52 | 52 | 52 | 52 | 52 | 52 | 52 |
| Táboa de indicadores | 48 | 48 | 48 | 48 | 48 | 48 | 48 | 48 |

Criterios de cualificación:

Posto que en 2º de Bacharelato o alumnado debe prepararse exclusivamente para as probas de acceso á universidade ABAU, os criterios de cualificación e promoción das avaliacións ordinaria e extraordinaria son os seguintes:

PROBA TIPO ABAU: Written English

Reading, Writing, Grammar & Use of English, Vocabulary: 100% (10)

a) Estes criterios poderán variar dependendo do formato do exame ABAU.

b) Tódalas probas escritas especificarán claramente o valor numérico de cada pregunta, así como as indicacións pertinentes que os alumnos deben seguir para responder correctamente a cada cuestión; ademais, os profesores utilizarán os indicadores de corrección propostos pola CIUG para avaliar as probas de produción escrita (Writing), que serán coñecidas polos alumnos e alumnas.

c) A nota global de cada avaliación será o resultado da media de dúas probas tipo selectividade realizadas durante o período de avaliación.

Criterios de recuperación:

O profesorado do departamento establecerá os criterios de recuperación que considere oportunos para o seu alumnado.

6. Medidas de atención á diversidade

Como punto de partida, tivemos en conta catro ámbitos de diversidade:

A capacidade para aprender a aprender

Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e retelas sen que isto sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos/as son quen de acadar un nivel mínimo independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada un/ha. Tales son os aspectos que consideramos na investigación inicial e en todo o desenvolvemento do curso.

Así o reflicten as actividades do Student's Book e do Workbook, pois, a través dunha reciclaxe continua de estruturas e vocabulario, ofrecen, por unha banda, amplas oportunidades de reforzo aos alumnos/as con menos capacidade e, por outra, facilitan a ampliación de materia aos/ás que teñen máis nivel.

A motivación para aprender

A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, pois depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que tivera até ese momento e, por outra, do proceso de aprendizaxe que seguirá. Isto influirá notabelmente tanto no nivel de motivacións individuais como na maneira máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.

Para levar a cabo a escollo dos temas incluídos neste curso realizamos unha ampla investigación, abrangendo non só o punto de vista do profesor/a a través de cuestionarios, senón tamén o dos alumnos/as, para así adaptalos ás súas idades, experiencias e contorno.

Os estilos de aprendizaxe

Existen toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma.

Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Uns/has poden reaccionar moi rapidamente e, porén, precisar varios intentos para assimilar unha idea, mentres que outros/as poden traballar concienzadamente e aprender máis amodo, obtendo o mesmo resultado. Este factor tívose en conta sistematicamente. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais, incluíronse no Student's Book breves explicacións e exemplos coa estrutura gramatical concreta, seguidos de exercicios, para pór en práctica a gramática que se aprendeu. Isto complementase con táboas gramaticais na sección Grammar Lab (ao final do Student's Book) e no apéndice gramatical do Workbook, que os/as axudan a aprender e repasar o que se presentou paso a paso, en especial a aqueles/as que non usen tanto o estilo sintético ao aprenderen. Así pois, á hora de presentar as estruturas e as funcións, en todos os módulos tivéronse en conta os distintos modos de aprendizaxe.

Tamén se prestou unha atención especial á "modalidade sensorial preferente" dos alumnos/as (visual, auditiva ou quinesiolóxica), isto é, ás posíbeis formas de levar á práctica o que se aprendeu.

Os intereses dos alumnos/as

O esforzo en aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros, dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso, incluímos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría, e ofrecemos materiais para atender os distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. Hai actividades

graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control tanto no Student's Book como no Workbook. Ao final do Student's Book incluímos un apéndice con rúbricas para que os alumnos/as se avalíen entre eles, un apéndice con táboas gramaticais engadidas e exercicios, un apéndice de pronuncia con exercicios engadidos e unha listaxe de verbos irregulares, e ao final do Workbook un glosario, así coma un apéndice gramatical e unha guía de escrita na lingua materna dos alumnos/as para os que precisen apoiarse máis na presentación teórica.

No Workbook inclúese unha gran variedade de exercicios graduados para practicar máis a gramática e o vocabulario, ademais dun ditado, unha sección de comprensión, un exercicio de tradución inversa, e expresión escrita e actividades para que os alumnos/as máis avanzados practiquen cada punto nun nivel máis elevado. Por último, tamén se inclúen catro páxinas de repaso por módulo (Progress Check e Competences Check) que permiten atender á diversidade. Ademais, os alumnos/as poderán atopar na web www.burlingtonbooks.es/Options2 as gravacións en formato mp3 dos textos do Student's Book, así como os exercicios de comprensión oral coas súas transcricións e os ditados do Workbook.

Con este método preséntase a ferramenta Digital Options, que inclúe diferentes ferramentas para axudar á aprendizaxe dos/as estudantes: Vocabulary Presentation e Grammar Presentation permiten aos estudantes preparar as leccións de vocabulario e gramática antes de asistir á clase. Vocabulary and Grammar Review conta con exercicios autocorrixíbeis para practicar o vocabulario e a gramática que se estudaron no Student's Book e cobre todos os requisitos do novo currículo oficial. Shuffle Game, que se pode xogar en rede de maneira individual, ofrece unha práctica engadida de vocabulario e gramática. Record Yourself Dialogue and Activity ofrece multitude de actividades para practicar linguaxe funcional. Project Options subministra axuda e recursos para facer os proxectos en rede do Student's Book. Digital Options Video permite aos alumnos/as acceder aos vídeos para que poidan velos na casa. O Learning Management System (LMS) online permite aos profesores/as seguir o traballo de cada estudante. Wordlist Plus ofrece aos alumnos/as a posibilidade de traballar con listaxes interactivas de palabras no teléfono móbil e permítelles practicar e consolidar o vocabulario no momento que queiran.

O Teacher's Manual ofrece tamén actividades opcionais de reforzo e ampliación, outras de comprensión oral, corrección de erros e información sociocultural e interdisciplinar engadida, ademais de continuas suxestións ao profesor/a sobre como dividir a súa axuda segundo as distintas necesidades da clase.

O Teacher's All-in-One Pack ofrece un exame de diagnóstico que se recomenda facer ao comezo de curso para ver o nivel dos alumnos/as, así como exercicios de repaso para que revisen os puntos en que atoparon maior dificultade. Ademais ofrece dezaoito exames (un por cada sección dos módulos, A, B e C), seis exames para os módulos con tres niveis de dificultade, tres exames trimestrais con tres niveis de dificultade, dous finais e catro exames para avaliar as competencias específicas de comprensión e produción oral e escrita (Competence Test), para poder elixir o máis axeitado segundo a capacidade de cada alumno/a. E ademais inclúe follas de traballo (Extra Resources), que se dividiron da seguinte maneira:

- Extra Practice: subministran práctica engadida co mesmo nivel que o que se presentou no módulo.
- Extension: enfocadas a que os alumnos/as máis avanzados poidan ampliar os coñecementos que adquiriron dunha maneira máis significativa e motivadora.

O profesor/a tamén dispón de recursos dixitais, que inclúen: Interactive Whiteboard Materials, coas versións dixitais enteiraamente interactivas do Student's Book e o Workbook para facilitar as clases e a corrección; Test Factory and Other Editable Resources, con todo o material do Teacher's All-in-One Pack en formato editábel; Burlington ESO Grammar Factory, para xerar exames de práctica gramatical automaticamente ou para preparalos persoalmente; e Burlington ESO Culture Bank, con materiais culturais especialmente adaptados ao nivel dos/as estudantes.

Outro recurso moi importante é a Aula Virtual, onde o docente pode incluír material de reforzo para aqueles alumnos e alumnas que son conscientes de que precisan máis práctica dalgún aspecto tratado na clase. Os materiais subidos a esta plataforma teñen claves de autocorrección, de xeito que os estudantes poden traballar ao seu ritmo e, se o consideran oportuno, preguntar as dúbidas ao profesor.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.

7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - A comunicación audiovisual. | | X | | | X | | X |
| ET.4 - A competencia dixital. | | | X | | X | X | |
| ET.5 - A educación emocional e en valores. | | X | | X | | X | |
| ET.6 - A igualdade de xénero. | X | X | | X | X | | X |
| ET.7 - A creatividade. | | | X | | | X | |
| ET.8 - A educación para a saúde. | | | X | X | X | | |
| ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - O emprendemento social e empresarial. | X | | | X | | | |
| ET.11 - O fomento do espírito crítico e científico. | X | | | | | X | X |
| ET.12 - Educación de calidade. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - Redución de desigualdades. | | X | | X | X | | |
| ET.14 - Traballo decente e crecemento económico. | | | X | | | | X |
| ET.15 - Industria, innovación e infraestruturas. | | | X | | | | |
| ET.16 - Paz, xustiza e institucións sólidas. | | | | | | | X |

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| Saídas didácticas ou actividades no propio centro | Representacións teatrais, espectáculos ou proxeccións de cine, ... | X | X | |

Observacións:

Todas estas actividades poderán verse modificadas segundo as circunstancias do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as. |
| Realízase un seguimento da programación didáctica. |
| Os criterios de cualificación son axeitados e están formulados claramente. |
| Os contidos son axeitados e desenvólvense adecuadamente. |
| Alcánzanse os obxectivos previstos. |
| Propóñense diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos, exposicións, ...). |
| Respectouse a distribución temporal de contidos e actividades. |
| Prográmase a avaliación inicial. |
| Hai correspondencia dos materiais empregados coa programación didáctica. |

| |
|---|
| Metodoloxía empregada |
| Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade. |
| Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela. |
| Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos. |
| Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe. |
| Fomento e animación á lectura e estratexias de comprensión escrita. |
| Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe. |
| Trátanse os temas transversais. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas. |
| Aprovéitanse didácticamente outros espazos do centro (biblioteca, laboratorio, patio,...). |
| Medidas de atención á diversidade |
| Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas. |
| Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten. |
| Aténdese a diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. |
| Clima de traballo na aula |
| Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades. |
| Hai coordinación no desenvolvemento da programación. |
| Hai coordinación co profesorado titor. |
| Hai coordinación entre o profesorado do departamento. |
| Hai acordos no departamento en canto a metodoloxía a desenvolver. |
| Os recursos son compartidos e elaborados colaborativamente. |
| Outros |
| Prográmanse actividades complementarias e extraescolares. |

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre
Ás veces
Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados